

O obradoiro **Emprender baixo a fórmula cooperativa** enmárcase no programa de actuación 2014 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Consellería de Traballo e Benestar para o fomento do cooperativismo e a economía social.

A través da Rede Eusumo:

- **Foméntase o espírito emprendedor** a través da fórmula cooperativa.
- **Préstase apoio directo** á creación e consolidación de emprego con base na economía social.
- **Impúlsase o modelo empresarial no ámbito local**, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.



Inscrición:

A xornada ten carácter gratuito.
Prazo de inscrición: ata o 28 de setembro de 2014
Entregarase diploma de asistencia

Pódeste inscribir facilitando o teu nome, DNI, teléfono e correo electrónico no teléfono 981 558 008 ou en: info@eusumo.coop

Máis información en:

981 558 008 info@eusumo.coop www.eusumo.coop



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA
DE GALICIA

Obradoiro EMPRENDER BAIXO A FÓRMULA COOPERATIVA

UNHA BOA OPCIÓN DE EMPRENDEMENTO

29 de setembro de 2014
Santiago de Compostela

Edificio Cersia:
Rúa do Alcalde Raimundo López
Pol, 4. 15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Coordenadas: 42.886293 - 8.516525
(Mapa da súa localización)

XUNTA DE GALICIA

que finalidade ten este obradoiro?

Este obradoiro pretende amosar as **vantaxes e particularidades da fórmula cooperativa como modelo empresarial máis axeitado para emprender nos momentos actuais**. Este obradoiro persegue os seguintes obxectivos:

- Achegar o modelo cooperativo a persoas desempregadas e persoas que están a buscar unha alternativa de autoemprego.
- Dar a coñecer o modelo cooperativo: as súas características e particularidades.
- Achegar aos participantes experiencias reais de cooperativas.
- Coñecer os pasos para crear un proxecto cooperativo.
- Mostrar os recursos e ferramentas a disposición do impulso ao cooperativismo.



a quen vai dirixido?



Este obradoiro pretende achegar o modelo empresarial cooperativo a **persoas desempregadas e persoas que están a buscar unha alternativa de autoemprego**.

programa

_10.00h Benvida e presentación da Rede Eusumo

Presentación a cargo da coordinación técnica da Rede Eusumo

_10.20h Coñecendo a fórmula empresarial cooperativa

Daniel Diéguez Diéguez. Técnico de emprendemento da Rede Eusumo

- As cooperativas como modelo empresarial: características e particularidades das cooperativas, contorno cooperativo, principios e valores cooperativos
- Tipos de cooperativas: escolle a que mellor se adapta ás vosas necesidades e expectativas
- Diferenzas con outras fórmulas xurídicas

_11.35h Pausa

_12.00 Caso de éxito cooperativo: Preguntémoslles aos cooperativistas que pensan da súa experiencia

- Experiencia cooperativa

_12.30h Vós tamén podeades ser emprendedores

Javier Germade. Consultor de Traballo e Emprendemento

- Factores de éxito para emprender
- Emprender en equipo ou individualmente, que che interesa máis
- Por onde empezar
- Satisfai a vosa idea algunha necesidade real
- Hai xente disposta a pagar polo que ofrecedes

_13.15h Ferramentas e apoios existentes para o cooperativismo

Daniel Diéguez Diéguez. Técnico da Rede Eusumo

- Que precisades para crear a vosa cooperativa
- Quen e como che poden axudar a crear unha cooperativa
- Como poderías aproveitar as subvencións e incentivos específicos dos que gozan as cooperativas

_14.00h Peché do obradoiro